



**SALINAE**  
Centro Arqueolóxico do Areal

**ESO**



**Vigo no século I**

**As salinas da idade moderna**

**O funcionamento dunha salina**

**Os ritos funerarios**



## Vigo no século I

Durante o século XX o interese polo pasado levou a realizar un gran número de prospeccións nas que se soubo da abundancia de xacementos no termo municipal.

Por iso sabemos que o Vigo romano foi un momento histórico de grande riqueza na nosa costa que xa comezara no período castrexo (Castro da Punta do Muíño do Vento, Castro de Toralla, a Guía e do Monte do Castro).

A explotación dos recursos mariños da zona (salinas, factorías de salgadura,...) fai que se produza un importante desenvolvemento económico, e arredor destas comeza a haber núcleos de poboación que íran ocupando a fronte marítima. Aparecen tamén residencias asociadas a explotacións tipo *villae* (como a *Villa* de Toralla).



Para facernos unha idea de como era Vigo hai 2000 anos empezaremos situando o maior núcleo de poboación no s. I d.C. no Castro de Vigo e no da Guía. A tendencia a partir deste momento é que a poboación vaia baixando cara á costa situándose a maior parte dos asentamentos entre o Casco Vello e o barrio do Areal nas proximidades das explotacións. Unha gran marisma e unha praia (o Areal) chegaban ata Guixar. Nesta enorme extensión de 200.000 m<sup>2</sup> situábase a salina. Ao seu carón, nun lugar aínda non localizado habería un espazo adicado a uso portuario.



FACTORÍA SALGADURA DE PEIXE.  
S. I-II d.C. SITUACIÓN - RÚA  
MARQUES DE VALLADARES, 39-41.

### Actividades

- 1 O que queda de Roma.  
Os vestixios da romanización no plano de Vigo
- 2 O proceso da salgadura. Obradoiro en vivo

## As salinas da idade moderna

A desaparición do Imperio Romano e o inicio da Idade Media supuxeron unha ruptura no ámbito do comercio. As rutas comerciais que levaban mercadorías entre o Atlántico e o Mediterráneo desapareceron e con eles o comercio do sal.

As técnicas para a obtención do sal mantivéronse só nos mosteiros, que seguiron levando a cabo o proceso de conservar os alimentos con pequenas salinas costeiras. No século XIV os monarcas pasan a controlar as salinas e os portos desde os que se comercia con sal, xa que esta actividade volve ter moita importancia na economía. Neses portos instálanse alfólies (almacéns de sal) aos que chegaba sal en grandes cantidades procedente do Sur da Península.

Nos séculos XVI e XVII volveranse explotar as salinas medievais e creáronse outras coma as do Lagares en Vigo. A causa deste cambio é a coincidencia da ruptura das relacións comerciais con Portugal, o noso principal abastecedor de sal, e do aumento substancial das capturas de peixe en Galicia.

No século XIX, cando desaparece o monopolio estatal, o sal seguiu sendo moi importante para a conservación do peixe, algo que se mantivo ata o século XX, cando se modificaron os procesos industriais.

Aínda que o clima galego, húmido e con poucas horas de sol ao ano, non era óptimo para a obtención de sal, a necesidade de conseguir "ouro branco" levou a realizar grandes obras de enxeñería que se conservan 300 anos despois:

**Salinas na Ría de Vigo.** Na ría de Vigo están documentadas salinas na desembocadura do río Lagares (Vigo) e Ulló (Vilaboa).

**As salinas do Lagares.** Na Idade Media decidiuse instalar unha salina na desembocadura do río Lagares polas boas condicións que presentaba este lugar ao estar moi protexido. As salinas do Lagares pertenceron ao Mosteiro de Celanova dende 1152 ao facerse co cenobio de Coruxo. A partir de 1675 a concesión das salinas pasa por diferentes mans pero non é ata finais do s. XVII cando pasan a pertencer ao Marqués de Valladares e comeza a súa explotación industrial. Hai constancia de que se seguiu producindo sal ata o 1804. A partir desa data, debido ao deterioro que o mar producía nas estruturas e a dificultade da reparación, desapareceu para sempre esa actividade.

**Salinas do Ulló.** Paredes (Vilaboa) As salinas de Vilaboa, chamadas Salinas do Ulló, foron explotadas polos Xesuítas nos primeiros anos do século XVIII. Nun lugar de chairas intermareais chegaron a construírse varias salinas. A única salina que perdurou, estivo en activo ata a expulsión dos xesuítas (1767) durante o reinado de Carlos III. Cando xa non estaban en funcionamento, aproveitábase a estrutura perimetral de pedra para construír posibelmente a finais do século XIX, un muíño de mar para aproveitar o movemento das correntes do fondo da ría para xerar forza hidráulica.

### Actividades

- 1 Recuperar as salinas.  
Coas fotos e planos que temos, deseña un plan para recuperar unha das dúas salinas



FOTO: SALES DEL SUR S.A.



FOTOS: SALINAS DO ULLÓ.

## O funcionamento dunha salina

A gran salina do Areal dedicouse á produción de sal para o mercado local, abastecendo deste prezado produto as factorías romanas de salga do contorno. A súa superficie rondaría os 200.000 m<sup>2</sup> dividida en diferentes sectores.

Cada sector dividíase estruturalmente en tres elementos:

- Depósito ou decantador, onde se almacenaba ou decantaba a auga salgada liberándose dos distintos materiais que levaba en suspensión. Esta zona estaba delimitada por grandes pedras fincadas que permitían acumular grande cantidade de auga mariña. Unha vez a auga estivese decantada pasábase á zona de evaporación. Sazonamos a comida para que non saiba sosa.
- Zonas de evaporación, nas que por exposición ao sol e ao vento aumentaba a concentración salina. Estaban formadas por grandes cubetas de 6x10 m., delimitadas por pedras de menor altura, que facilitaban a acumulación dunha capa de auga de mar de 15 ou 20cm. de altura. Cando a concentración de sal na auga era a axeitada pasábase aos cristalizadores para rematar o proceso.
- Os cristalizadores, neles producíase a máxima concentración de cloruros de sodio ata a cristalización do sal. Están formados por cubetas de 2'4 x 4'6m. delimitadas por pedras fincadas que permitían a formación dunha lámina de auga de non máis de 5 cm.

O verán era a época do ano na que se levaba a cabo a colleita ou recolección do sal xa que durante os meses de xuño a setembro se producía o momento de maior insulación e de menores precipitacións. Non obstante a actividade na salina comezaba na primavera cando tiñan lugar os traballos de reparación, limpeza e acondicionamento das cubetas despois do inverno e continuaban despois da colleita co almacenamento do sal.

Diariamente estes recollían sal que amontoaban nas inmediacións para deixalo secar. Posteriormente trasladábase aos almacéns ou factorías de salgadura próximas empregando cestos de vimbios ou esportas de esparto que desprazaban en carros, carretas e padiolas, sobre a cabeza ou por medio de animais.

Unha intensa actividade realizada probabelmente por numerosos traballadores da zona, persoas de condición servil (*salarii* ou salinadores) formados e dirixidos por especialistas procedentes doutros lugares.

### PROCESOS QUÍMICOS

Ao aumentar a densidade da auga teñen lugar os seguintes depósitos.  
d (densidade da auga)

d= 1,05 kg/l	depósito de CaCO <sub>3</sub>
d= 1.13 kg/l	depósito de Xeso ou Anhidrita
d= 1.20 kg/l	depósito de Na Cl (sal común)
d= 1.31 kg/l	depósito de sales potásicas

Así que na formación dun depósito salino distínguense tres fases:  
Carbonatada, Sulfatada e Clorurada

Así pois a orde de precipitación dos minerais e rochas salinas son:

1º Xeso e Anhidritos (Sulfatos)

2º Sal xema

3º Sales potásicas (Silvina e Carnalita)



SALINA EN CÁDIZ. S. XIX (FOTO: SALES DEL SUR S.A.)

## Os ritos funerarios

Os romanos pensaban que a vida continuaba no máis alá e por iso os defuntos enterrábanse ou incinerábanse con enxovais que lles fosen útiles na nova vida. Os persoeiros máis destacados tiñan enterramentos individuais que se sinalizaban con aras, estelas e incluso templos. Ademais dos obxectos favoritos tamén se enterraban co alimento e bebida para o máis alá.



Se hoxe en día se venera aos falecidos con flores é porque conservamos en parte a tradición romana de lembrar aos defuntos e alegralos levando ás tumbas flores, bebida e comida (colocábanse con regularidade ofrendas de ovos, xudías, lentellas e viño). Tamén usaban *lacrimatorios*, pequenos obxectos de vidro para gardar as lágrimas dos familiares.

Grazas a estes costumes e con axuda da arqueoloxía, hoxe en día sabemos máis dos seus ritos e formas de vida. En Vigo hai unha importante colección de estelas funerarias achadas nunha área próxima ás salinas. As inscricións das estelas e aras deron información moi importante aos historiadores.

Nas escavacións da necrópole da rúa Hospital atopouse unha gran variedade de enterramentos: inhumación e incineración, e dentro da inhumación, diversos tipos de tumbas: en ánforas, tumbas de tégulas, tumbas de ladrillos, tumbas de laxas de pedra e enterramentos en rocha.

Pensábase tamén que os espíritos dos mortos tiñan fame e sede e por tanto había que proporcionarlles bebida e comida.



CUNCA E XERRA GLOBULAR  
CERÁMICA COMÚN. S. III-IV D.C.

### Actividades

- 1 O traballos dos arqueólogos.  
Buscar, atopar, analizar e deducir a través dos vestixios